
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN FÍSICA



1 Introducción e contextualización:

A área de educación física oriéntase cara ao desenvolvemento das capacidades e habilidades instrumentais que perfeccionen e aumenten as posibilidades de movemento do alumnado, cara á profundización do coñecemento da conduta motriz como organización significativa do comportamento humano, e a asumir actitudes, valores e normas con referencia ao corpo e á conduta motriz.

O corpo e o movemento constitúense en eixes básicos da acción educativa nesta área. Deste xeito preténdese chamar a atención cara á importancia do coñecemento corporal vivenciado e das súas posibilidades lúdicas, expresivas e comunicativas; cara á importancia da propia aceptación, de sentirse ben co propio corpo e de melloralo e utilizalo eficazmente.

Para construír un feito educativo, o deporte ten que ter un carácter aberto, sen que a participación supeditese a características de sexo, niveis de habilidade ou outros criterios de discriminación; e debe, así mesmo, realizarse con fins educativos centrados na mellora das capacidades motrices e doutra natureza, que son obxectivo da educación, e non coa finalidade de obter un resultado na actividade competitiva.

O ensino da educación física ten que promover e facilitar que cada alumno e alumna chegue a comprender o seu propio corpo e as súas posibilidades, e a coñecer e a dominar un número variado de actividades corporais e deportivas de modo que, no futuro, poida escoller as máis convenientes para o seu desenvolvemento persoal, axudándolle a adquirir os coñecementos, destrezas, actitudes e hábitos que lle permitan mellorar as condicións de vida e de saúde, así como gozar e valorar as posibilidades do movemento como medio de enriquecemento e goce persoal, e de relación cos demais.

O respecto, a aceptación, a valoración, a autoestima, o auto control, a colaboración, o compañeirismo, etc., mellóranse, traballan e aprenden coa práctica de actividades grupais, competitivas e non competitivas, expresivas, creativas, lúdicas e de goce, baixo a perspectiva de satisfacción e realización da propia aprendizaxe e a aceptación dun mesmo.

A individualidade será o punto de partida do desenvolvemento da personalidade, fundamentada nunha capacidade crítica e de elección persoal en base ás súas experiencias, vivencias e preferencias motrices. A solidariedade estará fundamentada no respecto ás diferenzas cos demais e a aceptación das mesmas. E a integración basearase na aceptación colectiva das características individuais, por peregrinas que sexan.

Unha educación física diferente que atenda á oferta de propostas variadas e múltiples, ao mesmo nivel de práctica, experimentación e vivencia. Deste xeito, a educación de todos os nenos servirá para que, posteriormente, todos eles, nas súas etapas de adolescentes e adultos, poidan practicar algunha disciplina motriz coas que se sentan identificados, a gusto e sans. Todos temos dereito a esta educación física, non só a elite motriz.

2 Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave:

A materia de educación física contribúe de maneira directa e clara á consecución de dous competencias básicas: a competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico e a competencia sociais e cívicas. A educación física está directamente

comprometida ca adquisición do máximo estado do benestar físico, mental e social posible, nun entorno saudable.

Na competencia do coñecemento e a interacción co mundo físico, esta materia proporciona coñecementos e destrezas sobre determinados hábitos saudables que acompañarán os mozos máis alá da etapa obrigatoria. Ademais aporta criterios para o mantemento e mellora da condición física, sobre todo daquelas condicións físicas asociadas a saúde: resistencia-cardiovascular, forza-resistencia e flexibilidade. Por outra banda, colabora no uso responsable do medio natural mediante as actividades físicas realizadas na natureza.

A educación física expresa situacións especialmente favorables á adquisición das competencias sociais e cívicas. As actividades físicas, propias desta materia, son un medio eficaz para facilitar a integración e fomentar o respecto, a vez que contribúen o desenvolvemento da cooperación, a igualdade e o traballo en equipo. O cumprimento das normas e regulamentos que rexen as actividades deportivas colaboran na aceptación dos códigos de conduta propios dunha sociedade.

A educación física axuda de forma destacable á consecución do sentido de iniciativa e espírito emprendedor fundamentalmente en dous sentidos. Por unha banda, se lle outorga protagonismo o alumnado en aspectos de organización. Por outra banda, o fai na medida en que enfrenta ó alumnado a situacións nas que debe manifestar auto superación, perseveranza e actitude positiva ante tarefas de certa dificultade técnica ou na mellora do propio nivel de condición física, responsabilidade e honestidade na aplicación das regras e capacidade de aceptación dos diferentes niveis de condición física e de execución motriz dentro do grupo.

Contribúe tamén a adquisición da competencia de conciencia e expresións culturais. Á apreciación e comprensión do feito cultural o fai mediante recoñecemento e a valoración das manifestacións culturais da motricidade humana, tales como os deportes, os xogos tradicionais, as actividades expresivas ou a danza e a súa consideración como parte do patrimonio cultural dos pobos. Por outra banda, o coñecemento das manifestacións lúdicas, deportivas e de expresión corporal propias de outras culturas axuda a adquisición dunha actitude aberta cara a a diversidade cultural.

A educación física axuda a consecución da competencia para aprender a aprender ó ofrecer recursos para a planificación de determinadas actividades físicas a partir dun proceso de experimentación. Todo elo permite que o alumnado sexa capaz de regular o seu propio aprendizaxe e práctica da actividade física no seu tempo libre, de forma organizada e estruturada. Así mesmo, desenrola habilidades para o traballo en equipo en diferentes actividades deportivas e expresivas colectivas e contribúe a adquirir aprendizaxes técnicos estratéxicos e tácticos que son xeneralizables para varias actividades deportivas.

A adquisición da competencia en comunicación lingüística, a materia contribúe, como o resto, ofrecendo unha variedade de intercambios comunicativos, e a través do vocabulario específico que aporta.

3 Obxectivos xerais do curso:

1-Coñecer e valorar os efectos que ten a práctica habitual e sistemática de actividades físicas no seu desenvolvemento persoal e na mellora das condicións de calidade de vida e de saúde.

2-Participar, con independencia do nivel de destreza alcanzado, en actividades físicas e deportivas, desenvolvendo actitudes de cooperación e respecto, valorando os aspectos de relación que teñen as actividades físicas.

3-Recoñecer, valorar e utilizar en diversas actividades e manifestacións culturais e artísticas a riqueza expresiva do corpo e o movemento como medio de comunicación e expresión creativa.

4 Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable:

Temporalización 1º ESO:

- Primeiro trimestre: deportes colectivos, Fútbol Sala.
- Segundo trimestre: deportes colectivos, Minibasket.
- Terceiro trimestre: deportes individuais, Bádminton.

Temporalización 2º ESO:

- Primeiro trimestre: deportes colectivos, Baloncesto e Hóckey.
- Segundo trimestre: Patinaxe e as Calidades Motrices, coordinación, equilibrio, axilidade e habilidade.
- Terceiro trimestre: deportes colectivos, Balonmán.

Temporalización 3º ESO:

- Primeiro trimestre: deportes colectivos, Voleibol.
- Segundo trimestre: deportes colectivos, Flag-fútbol.
- Terceiro trimestre: Atletismo e as Capacidades Físicas, forza, resistencia, velocidade, flexibilidade.

Temporalización 4º ESO:

- Primeiro trimestre: a Táctica.
- Segundo trimestre: o Quecemento.
- Terceiro trimestre: a actividade física e a saúde e os Xogos Olímpicos.

5 Concrecións metodolóxicas:

A nosa actividade como mestres será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade construtiva do alumno. Seguirei unha metodoloxía activa na que será fundamental e prioritario a participación dos alumnos. Aproveitando as actividades deportivas dende o punto de vista práctico, tratarei de profundar e reflexionar sobre o dado na clase.

Hai que traballar utilizando distintos estilos de ensino, principalmente a procura e resolución de problemas e a instrución directa. Ningún estilo será único, senón que se

manterá a alternancia segundo sexa necesario, ata dentro dunha mesma sesión poderei variar o estilo. Iso si, facendo o esforzo necesario para a atención á diversidade do alumnado.

Podemos mencionar como principios metodolóxicos xerais os seguintes:

- Partir do nivel inicial do alumno.
- Metodoloxía participativa e lúdica.
- Dar posibilidade de decisión ó alumn@.
- Valoración da actitude.
- Desenrolo xeral e específica de tódalas facetas nas que interveñen o corpo e as posibilidades do mesmo.

Traballaremos con Edixgal en 1º e 2º, e con Aula Virtual en 3º e 4º. Estes Sistemas servirán de apoio ás clases, para a mellora de coñecementos do alumnado, e tamén para seguir a área en casos de non asistencia ó Centro. Os contidos estarán expostos nos distintos temas das avaliacións; e por cada seis días sen acudir a clase presencial, os alumnos terán que facer unha das Tarefas Compensatorias indicadas, que serán entregadas polo mesmo Sistema.

6 Materiais e recursos didácticos:

- Será necesario dispoñer do recinto escolar para utilizar como campo de carreiras, ademais do propio pavillón.
- Cordas individuais, así coma unha grande para o salto en grupo.
- Colchonetas pequenas para os exercicios no chan.
- Plinto, bancos suecos, aros, balóns medicinais, vallas.
- Balóns de voleibol.
- Redes de voleibol.
- Conos de sinalización.
- Balóns de fútbol sala.
- Porterías de fútbol sala.
- Xogos populares.
- Balóns de baloncesto.
- Canastras.
- Raquetas e volantes de bádminton.
- Redes de bádminton.
- Pelotas de distinta forma e tamaño.
- Balóns de balonmán.
- Porterías de balonmán.

- Paus e bolas de hóckey.
- Porterías de hóckey.
- Patíns.
- Discos.
- Bate de béisbol e bolas pequenas de espuma.
- Cintos de flag fútbol e balóns de fútbol americano.

7 Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado:

A avaliación é o proceso de obtención e análise de informacións útiles coa finalidade de emitir un xuízo e realizar unha toma de decisións ao respecto do traballo desenvolvido por un alumno.

Polo tanto, con respecto o “que” avaliar xa está claro: o traballo desenvolto polo alumnado durante as sesións, así como outras actividades que fosen propostas para o coñecemento da área. O “cando” se resolve polo proceso continuo de obtención de información, que vai ser: antes, durante e ao final. O aspecto máis relevante é o “como” avaliar: as características da clase de educación física, desenvolvéndose nun contexto de espazo, material e relacións entre participantes que non permiten a inhibición do alumnado durante un tempo prolongado, posibilitan en maior medida a valoración das actitudes das persoas, que no devandito entorno móstranse con maior naturalidade. A participación, a solidariedade no xogo, a tolerancia e respecto polos compañeiros, a disposición favorable á aprendizaxe, o coidado do equipamento e do material, son algunhas das actitudes que poden ser observadas con relativa facilidade a través das situacións normais. Pero non hai que caer nunha avaliación apreciativa, é dicir, cualificar ao alumno polo maior ou menor aprecio que ten cara á materia, e en consecuencia o interese que demostra en diferentes actividades.

En cada trimestre temos distintos xeitos de calificar, para obter unha maior diversidade de acadar a información sobre o aprendido polo alumnado; polo que non se pode suspender por un único motivo:

- tómase nota daquelas actitudes do alumnado tódolos días, nas sesións prácticas.
- realízase, como mínimo, unha proba práctica ou traballo escrito.
- realízase, como mínimo, un exame escrito.
- realízase, como mínimo, unha tarefa por Edixgal/Aula Virtual.

O valor de cada apartado é o seguinte:

- Diaria: valor de 70%.
- Resto: valor de 30%.

A cualificación final de cada avaliación e a resultante de facer a media ponderada dos dous valores anteriores. É necesario obter un 5 ou superior para considerarse aprobado.

Particularidades a ter en conta en cada trimestre, para evitar os “abandonos”:

- > Tres ou máis veces sen roupa axeitada, será un suspenso.
- > Un cero nun traballo ou tarefa, será un suspenso.
- > Un cero nun exame escrito, será un suspenso.

No caso do alumnado que non poida realizar a parte práctica da área (lesionados/enfermos), terán que facer unha Tarefa Compensatoria por cada seis días sen clase ou sin asistencia. Do mesmo xeito, para as probas prácticas puntuais, terán que facer unha ficha de traballo que terá a mesma consideración para a cualificación final, ademais de contarlles o resto dos criterios.

Cada avaliación é independente (contidos distintos) polo que non se fai media: un trimestre suspenso, suspende a área; deben recuperarse de xeito individual na convocatoria extraordinaria en Xuño; e para elo é necesario superar un exame escrito e realizar as tarefas de Edixgal/Aula Virtual correspondentes. Todos os valores teñen o mesmo peso, e hai que facer unha media aritmética, con un valor de 5 ou superior, para recuperar a avaliación.

A nota final de curso obtense pola media aritmética dos tres valores das tres avaliacións aprobadas, sin considerar ningún tipo de redondeo.

Para mellorar a calificación final, os alumnos que o desexen, terían que realizar as Tarefas correspondentes de Edixgal/Aula Virtual e tamén un examen en xuño. Recordando que é necesario obter alo menos un cinco nos exames para facer a media aritmética cas notas das tarefas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE ETAPA

Os criterios de avaliación establecen o grado de aprendizaxe que se espera que adquiran os alumnos respecto ás capacidades sinaladas nos obxectivos xerais. O nivel de cumprimento de estes obxectivos en relación cos criterios de avaliación fixados non deben ser medidos de forma mecánica, se non con flexibilidade, tendo en conta a situación do alumno, o final de etapa e as súas características e posibilidades.

O criterio de avaliación expresa un determinado grado de aprendizaxe a través dos diferentes elementos que conflúen na súa formulación: a capacidade implicada, o contido que se asocia e, en ocasións, a situación na que se observa o grado de desenvolvemento das capacidades e contidos.

1-Coñecer as regras básicas dos deportes do baloncesto, fútbol sala, bádminton, balonmán, voleibol, hóckey, flag fútbol, e saber xogar a cada un deles.

2-Realizar de xeito autónomo actividades de quecemento preparando o seu organismo para actividades máis intensas e/ou complexas, xerais ou específicas.

3-Mostrar unha actitude de tolerancia e deportividade por riba da procura desmedida da eficacia, tanto no plano de participante como de espectador.

4-Participar de forma desinhibida e construtiva na realización e organización de actividades físico- deportivas (se manifestan unha actitude de participación activa na clase, se se mostran construtivos nos seus xuízos e accións, na súa forma de axudar aos seus compañeiros).

5-Incrementar as capacidades físicas de acordo co momento de desenvolvemento motor achegándose aos valores normais do grupo de idade no entorno de referencia.

6-Aplicar as calidades motrices en situacións reais de práctica de actividades físico-deportivas de modo que lle permita desenvolverse con soltura.

7-Comprobar que o alumno é capaz de coordinar as accións propias coas do equipo interpretando con eficacia a táctica, para lograr a cohesión e eficacia cooperativas.

8 Indicadores do logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente:

Para avaliar a presente programación terase en conta, unha serie de indicadores de logro que recollen as catro dimensións básicas para abordar a práctica docente: seguimento da programación, atención á diversidade, exercicios, actividades e tarefas na aula e aplicación dos criterios de avaliación e cualificación. Estes indicadores poden ser:

1. Cando comezamos un tema novo, presentámoslles aos alumnos os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar, como serán avaliados...
2. Motivamos aos alumnos comunicándolles os obxectivos que queremos conseguir e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándoos da utilidade e creándolles expectativas.
3. Deseñamos distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxectivos.
4. Organizamos ben o tempo da clase en función das actividades a realizar.
5. As actividades que propoñemos están relacionadas con situacións da vida real e o alumnado enténdeo.
6. Propoñemos actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma (busca de información, traballos, investigacións...). Definimos os obxectivos básicos do traballo para logo avalialo.
7. Corriximos e explicamos de forma habitual os traballos e actividades do alumnado, e damos pautas para a mellora da súa aprendizaxe.
8. En función das características de cada alumno, propoñemos tarefas e logros diferentes.
9. Empregamos metodoloxías diversas que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno e que teñan en conta os seus intereses.
10. Variamos a organización do grupo-clase (traballo individual, en parellas, en pequeno grupo, en gran grupo, organizamos axudas entre iguais en base aos perfís diferentes dos alumnos...).
11. Traballamos os temas transversais.
12. Utilizamos diferentes tipos de probas de avaliación (exames, traballos individuais escritos, probas físicas en grupo, exposicións orais...).
13. Analizamos os resultados e temos en conta a aqueles alumnos que se a f a s t a n da media tanto por arriba como por abaixo.
14. Propoñemos novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos cando estes non foron acadados.

Despois de comprobar estes indicadores de logro teremos que valorar os obxectivos acadados, a correcta secuencia da materia, os propios recursos empregados e a metodoloxía didáctica empregada, así como tamén, o nivel da clase e dificultades atopadas.

Ao final hai que facer un resume global que terá en conta o grado de cumprimento dos obxectivos acadados e dificultades atopadas. Isto concrétese en responder algunhas cuestións:

- Traballáronse todos os obxectivos?
- Afondouse nalgúns especialmente?
- Cales son os obxectivos non alcanzados polos alumnos?
- Cal é a razón de que non se alcanzaran estes obxectivos?
- Traballáronse todos os conceptos?
- Cales se desenvolveron especialmente?
- Cales foron as razóns para que non se puideran desenvolver?

9 Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes:

No caso de ter educación física suspensa dos cursos anteriores será preciso que o alumno faga os exames escritos nas datas propostas polo Centro para tal efecto. Seguirá un plan de reforzo na materia, destinado á súa recuperación e á súa superación. Os contidos están recollidos na área de Educación Física de Edixgal/Aula Virtual. Durante o curso actual faránse actividades prácticas e explicacións destes contidos, incidindo naqueles aspectos nos que os alumnos amosen máis dificultades; que servirán de axuda ao estudo que o alumno debe facer para aprobar os exames.

Avaliación de educación física pendente dos cursos anteriores:

- En dúas datas, febreiro e maio (para repartir os contidos suspensos) terán que facer probas escritas. Teñen que ser cualificadas a lo menos con un 5 en cada un dos exames para superar a materia pendente .
- Hai a posibilidade de acudir a “clases de apoio” nos días previos.

10 Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar segundo os seus resultados:

A avaliación inicial é un punto clave na avaliación porque serve para mellorar a seguinte programación e en consecuencia a reorganización do traballo. Deste xeito conseguimos un aprendizaxe significativo dos nosos alumnos, valorando proceso e resultado. Polo tanto utilizaremos actividades sinxelas para coñecer o aspecto social e afectivo que vemos nas actitudes que son reflexo dos valores de cada alumno. Tamén probas das diferentes capacidades físicas, na que coñezamos o desenvolvemento motor de cada individuo. E xogos de deportes adaptados a idade, onde coñezamos as súas capacidades coordinativas e as súas habilidades na adaptación, reacción, diferenciación e percepción espazo-temporal.

Por último, faremos algunhas preguntas sinxelas por escrito para obter datos sobre a escritura e a expresión de cada alumno.

11 Medidas de atención á diversidade:

Na maioría dos casos, a atención que precisará o alumnado na nosa área terá relación coas súas capacidades físicas, as cales lles impidan realizar actividade física, tanto dun xeito transitorio, como permanente. Se lles solicitará certificado médico a aqueles que teñan imposibilidade de realizar as clases de educación física, para telos en conta á hora de facer as clases prácticas.

Os alumnos que acrediten estar liberados, deberán asistir a todas as clases, colaborando activamente na organización das mesmas e participar en todas aquelas actividades, que relacionadas coa área, no impliquen ningún esforzo físico. Este criterio o seguiremos tamén con aqueles alumnos que temporalmente non puideran realizar as clases prácticas. O alumnado fará unha Tarefa Compensatoria por Edixgal/Aula Virtual referido ao contido das sesións diarias, así como os traballos escritos e os exames pertinentes. Os días de probas prácticas puntuais, o alumnado que non poida realizar as clases prácticas se lles avaliará tendo en conta as fichas de traballo que farán ese día.

Faráse unha avaliación do esforzo segundo as limitacións das posibilidades motrices. Polo que hai que seguir certas pautas:

- Axuda en todo momento co material.
- Apoio á linguaxe (exposición visual, debuxos, ...).
- Axuda nas actividades que requiran maior percepción e control do corpo (equilibrio, coordinación, ...).
- Variación e recorte dos límites marcados para o resto da clase (menos recorrido, material máis estable, ...).
- Nunca pillará el só, nin fará actividades competitivas de maneira individual.

Tamén podemos atopar alumnos con dificultades doutro tipo, e deben ser tidos en conta á hora de facer os exames: utilizando unha linguaxe máis sinxela, usar palabras clave dos enunciados en letra grosa, revisión individual posterior ou reducindo o número de preguntas para que dispoñan de máis tempo.

12 Concreción dos elementos transversais que se traballarán:

Os contidos transversais están encamiñados á educación de valores. Preténdese lograr unha sociedade asentada nunha convivencia sólida, nun medio ambiente equilibrado e na igualdade de dereitos e deberes entre as persoas.

No caso da nosa área é obvio que o contido transversal que vai a estar máis presente será o da educación para a saúde, pero como veremos, non será o único. No caso da educación para a saúde, o que incidiremos principalmente será nos beneficios que ten a práctica regular de actividade física, non só para o benestar físico e fisiolóxico, senón tamén para o benestar psicolóxico. Ademais poñeremos moito énfase en todas aquelas prácticas que poidan ser prexudiciais e trataremos de evitalas, así como de dar recomendacións sobre o que se debe facer na vida diaria para evitar malas posturas que poidan derivar en posteriores problemas.

Os outros temas que abordaremos serán:

-Educación para a paz: se traballará ó facer actividades que impliquen participación, baixo as premisas de cooperación e respecto.

-Educación do consumidor: presentando unha actitude crítica ante artigos deportivos ou de outra entidade, ligados á moda e á manipulación da información a través de anuncios televisivos. Trataremos de facer ver que hai certas marcas que tratan de aproveitarse da importancia que a sociedade actual concede ó fenómeno deportivo.

-Educación para a igualdade entre os sexos: se farán prácticas que eliminen a discriminación e primarase a aceptación das diferenzas biolóxicas. É un contido que traballaremos ó longo de tódalas sesións tentando evitala clásica segregación que se adoita dar, é dicir, rapaces nun lado e rapazas noutro. Para elo tentaremos plasmar estratexias que faciliten a uns e outras a unirse e traballar en equipo para lograr fins comúns. Hai que previr a violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade tentando calmar as ansias de competencia desmedida. En calquera caso, respectaranse as diferenzas existentes e tentarase satisfacer as demandas de ambos sexos con prácticas motivantes para ambos.

-Educación ambiental: fomentaranse actitudes de coidado, protección e respecto polo ecosistema a través das actividades que se realicen no medio natural. Ademais procuraremos crear unha conciencia de reciclaxe acorde co coidado do medio ambiente.

-A expresión oral e escrita mediante os traballos escritos e os exames.

-Se é posible a utilización da bicicleta, trataremos os temas de educación e seguridade viaria.

13 Actividades complementarias e extraescolares:

Realizaranse actividades deportivas nos recreos a fin de desenrolar os contidos aprendidos o longo do curso na área de educación física, abarcando as seguintes disciplinas: fútbol sala, baloncesto, minibasket, voleibol, balonmán, hóckey, bádminton, béisbol, flag fútbol, patinaxe. Sempre buscando unha actitude de deportividade, facendo da actividade un momento de aprendizaxe e diversión; non son actividades avaliativas.

14 Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

en relación cos resultados académicos e procesos de mellora:

Ao final de curso analizaremos os resultados obtidos e elaboraremos unha memoria na que se avalíe o desenrolo da programación didáctica e a práctica docente. Para elo, recolleremos datos estatísticos do número de alumnos cas distintas cualificacións de insuficiente, suficiente, ben, notable ou de sobresaínte. En función do número de alumnos, e pola nota media da clase, pódenos dicir moito do traballo levado a cabo como: o nivel esixido, o tratamento dos contidos, a efectividade da metodoloxía utilizada, a capacidade do profesor para adaptarse o grupo, a capacidade do grupo de adaptarse as novas esixencias do profesor.